

	TEXTO EXPOSITIVO	TEXTO ARGUMENTATIVO
FINALIDADE	Divulgar coñecementos de maneira obxectiva, clara e ordenada.	Persuadir o destinatario do texto a favor do punto de vista que o emisor ten sobre un asunto.
ESTRUTURA	<p>INTRODUCCIÓN: preséntase o tema que se vai expoñer de maneira obxectiva, clara e ordenada.</p> <p>DESENVOLVEMENTO: ofrécese unha información rigorosa e máis ou menos pormenorizada sobre o tema que se trata, é a parte máis extensa.</p> <p>CONCLUSIÓN: pecha o texto, ás veces pode ser o resumo das ideas fundamentais.</p>	<p>TESE: idea fundamental en torno á que se reflexiona.</p> <p>CORPO ARGUMENTATIVO: vanse ofrecendo argumentos de distinto tipo que defendan a postura adoptada na tese.</p> <p>CONCLUSIÓN: constitúe a última parte do texto, reafirma a tese e é moi importante que o que formulemos ao final sexa coherente con todo o anterior.</p>
TIPOS	<p>DIVULGATIVOS: dirixidos a un público xeral e non requiren coñecementos previos sobre o tema (libros de texto, enciclopedias...).</p> <p>ESPECIALIZADOS: dirixidos a especialistas dunha materia concreta (tratado de medicina, leis...).</p>	<p>ARTIGO DE OPINIÓN: visión persoal dos feitos por parte de colaboradores dun xornal.</p> <p>EDITORIAL: opinión dun xornal sobre un tema.</p> <p>CARTAS AO DIRECTOR: opinión dos lectores dun xornal sobre un tema.</p> <p>CRÍTICA: opinión persoal dun crítico sobre algún exemplo de expresión artística.</p>

CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS	<ul style="list-style-type: none"> - Oracións sinxelas e enunciativas. - Tecnicismos: léxico especializado do tema tratado. - Emprego da 3ª persoa de singular. - Uso de verbos como <i>haber, ser, existir, consistir, ter, constar...</i> - Predominio do presente de indicativo. - Abundantes definicións, exemplos, sinónimos, comparacións... 	<ul style="list-style-type: none"> - Sintaxe máis complexa: oracións subordinadas (enlázanse ideas a través de conectores de distinto tipo: <u>vistos en clase</u>). - Léxico especializado no tema tratado, que require un coñecemento mínimo deste. - Predominio de oracións impersoais con <i>se</i>: <i>coméntase, crese...</i> - Uso de verbos como <i>concluír, supoñer, admitir, declarar, afirmar, dicir, considerar, asegurar...</i> - Predominio de presente de indicativo alternando con outros tempos verbais. - Emprego de metáforas, comparacións...
-------------------------------------	--	--

TIPOS DE ARGUMENTOS

- **Argumentos racionais:** ideas aceptadas pola inmensa maioría da xente (*Evitar accidentes de tráfico beneficia a sociedade*).
- **Argumentos de autoridade:** baséanse en testemuños ou citas de persoas, en moitos casos célebres e coñecedoras da materia. Desta forma, podemos conseguir adiantarnos a posibles opinións contrarias, ademais conseguimos reforzar a tese que queremos defender (*Segundo recoñecidos especialistas de nutrición de todo o mundo, a dieta mediterránea baseada no consumo de froitas, verduras, peixe e aceite de oliva, é a mellor para levar unha vida sa e equilibrada*).
- **Argumentos de feito:** ofrecen probas reais dos acontecementos (*Un estudo recente revela que se produce un 70% máis de accidentes cando as condicións climatolóxicas son adversas*).
- **Argumentos de exemplo:** visualizan un caso concreto, que serve como exemplo a favor da idea que se quere defender (*No accidente acontecido o mes pasado, se a estrada non estivese mollada e se respectase a distancia de seguridade, podería evitarse o accidente*).

- **Argumentos de experiencias persoais:** con eles faise referencia a situacións vividas por nós mesmos ou por persoas próximas das que temos coñecemento. É un recurso moi efectivo para persuadir o receptor ou receptores aos que nos diriximos (*Eu mesma, e algúns dos meus amigos, probámolo e funciona*).
- **Argumentos de analoxía:** compáranse dúas situacións próximas ou semellantes (*No mes de agosto deste ano producíronse 27 accidentes menos que o ano pasado*).
- **Argumentos legais:** sérvense do disposto na lexislación (*Segundo a normativa vixente, é obrigado o uso do cinto en todos os asentos*).
- **Argumentos persuasivos:** apelan aos sentimentos, gustos... dos destinatarios. Son moi recorrentes na publicidade (*E se alguén que queres fose a vítima?*).